



Feijóo subliña “o compromiso da Xunta coas familias e a infancia”, plasmado na creación de 4.500 novas prazas de gardería na lexislatura

- Resalta que desde o comezo da lexislatura abriron as portas 29 escolas infantís e se ampliaron outras 7, coa previsión de que este ano abran 25 centros que aumenten en 1.000 as prazas dispoñíbles
- Apunta o compromiso da Xunta de cumprir con este obxectivo “ambicioso e difícil” na actual crise económica
- Destaca que a Lei de apoio á familia e á convivencia é unha norma “pioneira” que “respecta, regula e ampara todos os tipos de familia”, compromete “especial protección aos membros máis vulnerables” e outorga “respaldo normativo ao obxectivo da conciliación laboral” para combater o problema demográfico



Mato asegura que o proxecto de Lei de familia “adapta” a normativa á sociedade actual e aos novos modelos de convivencia

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, defendeu no Pleno do Parlamento galego este texto, que virá substituír a anterior normativa, que databa do ano 1997

Feijóo anuncia que a Xunta destinará case 4 millóns de euros para “formar, orientar e inserir” no mercado laboral a preto de 3.300 desempregados

- Apunta que estas axudas irán dirixidas a persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, preceptores de subsidios e prestacións por desemprego da renda activa de inserción ou da renda activa de integración social de Galicia, desempregados de longa duración e mozos

Sumario

Familia e benestar	2-3
Dependencia	4
Seguridade e saúde laboral	5
Informe do paro rexistrado	6
Formación-emprego	6-7
Xuventude	8-9
Publicacións	17
Normativa	10-18

Créditos

Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatística
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de maio un descenso do paro de 4.648 persoas, unha baixada do 1,90 por cento

O proxecto de Lei de familia “adapta” a normativa á sociedade actual e aos novos modelos de convivencia

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, defendeu no Pleno do Parlamento galego este texto, que virá substituír a anterior normativa, que databa do ano 1997
- ▶ Segundo concretou a titular do departamento autonómico, esta lei busca acadar un gran obxectivo: mellorar o benestar das familias galegas
- ▶ A normativa, polo tanto, será unha ferramenta máis dentro do Pacto demográfico que se busca acadar con todas as forzas políticas da Cámara galega
- ▶ O texto respecta a “absoluta liberdade” para organizar a convivencia e recoñece a validez dos diferentes modelos de familias
- ▶ É a primeira lei galega que recoñece as familias monoparentais; que recolle ás persoas maiores como membros activos do núcleo familiar; e que prevé medidas específicas de apoio ás familias máis vulnerables



Santiago, 24 de maio de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asegurou que o proxecto de Lei de apoio á familia e á convivencia adapta a normativa á sociedade actual e aos seus novos modelos de convivencia. Así, esta nova normativa virá substituír a anterior, que databa do ano 1997, cón de adaptala aos cambios que se teñen producido nos últimos 14 anos.

A conselleira defendeu hoxe no Pleno do Parlamento galego este proxecto. Segundo explicou, o mesmo persegue un gran obxectivo: mellorar o benestar de todas as familias galegas. Por iso, respectará a “absoluta liberdade” á hora de organizar a convivencia, e recoñecerá a validez dos diferentes modelos de familias. En definitiva, trátase de “ampliar as coberturas e garantías a todas as familias, e aos seus membros máis vulnerables”.

Ademais, esta futura lei será unha “ferramenta máis dentro do Pacto demográfico que agardamos alcanzar con todas as forzas políticas deste Parlamento”. Sinalou, tamén, que esta norma constituirá a “base necesaria” do Plan Galego de Apoio á Familia e o Plan Galego de Apoio á Natalidade: ambos plans serán instrumentos de planificación estratéxica para a atención, apoio e protección ás familias galegas.

Neste sentido, Mato destacou

tamén que a norma dedica “integralmente” o seu capítulo V do título I á conciliación. “Somos conscientes de que este é un dos maiores retos aos que se enfronta a nosa sociedade, e que conseguilo ou non marcará as nosas pautas futuras, e terá un importantísimo peso á hora de reverter as actuais tendencias demográficas”, reflexionou.

Para conseguilo, o proxecto “promove ferramentas de apoio para facer posible a conciliación: tanto para homes como para mulleres”. Así, entre as ferramentas que se recoñecen inclúense: fórmulas de traballo que non requiren presenza física; promover a ampliación de servizos fóra do ámbito lectivo; e a ampliación da rede de escolas infantís. De feito, no que vai de lexislatura, xa se teñen creado 2.000 novas prazas de 0 a 3 anos nos últimos dous anos, e prevese a creación doutras 1.000 ao longo de 2011.

“Este proxecto refírese especificamente á conciliación e aos medios para facela realidade, cuxo desenvolvemento se articulará a través de ordes ou decretos”, avanzou a conselleira.

A promoción da conciliación refectirase tamén na preferencia na adxudicación de contratos por parte da Administración para aquelas empresas que implanten medidas a favor da igualdade de

oportunidades e a conciliación.

De feito, Mato foxo fncapé en que esta nova lei “parte da defensa estreita da igualdade, especialmente a de homes e mulleres”. Por iso, recoñecerase e respectarase a “igual dignidade” de homes e mulleres e fomentarase a súa corresponsabilidade na vida familiar. Neste sentido, cabe destacar que son destinatarios específicos desta lei as familias monoparentais –home ou muller- que queiran adoptar en solitario.

Ao tempo, promoverase tamén a igualdade de oportunidades no acceso ao mundo laboral e na asunción das tarefas familiares.

Distintos modelos de familia

A conselleira foxo fncapé en que este proxecto de marco normativo outorga “respaldo ás familias” e por iso recolle capítulos específicos adaptados ás diferentes problemáticas. Así, dáselles unha especial consideración ás diferentes modalidades de convivencia máis vulnerables como son as familias monoparentais; as familias con persoas maiores, con dependencia ou con discapacidade ao cargo; ou as familias numerosas.

Polo tanto, este recoñecemento supón que esta será a primeira lei galega que prioriza a atención a estas familias con membros potencialmente vulnerables a cargo. Ao

mesmo tempo, recoñece tamén a especial consideración das familias acolledoras.

Para todos estes núcleos familiares máis vulnerables, o proxecto inclúe un trato preferente no acceso a servizos como as escolas infantís; a bolsas de educación e o acceso a cursos de formación ocupacional; axudas de vivenda; ou bonificacións para os recursos de lecer e para a contratación de novas tecnoloxías; así como no eido fiscal.

Ademais, incidiu en que esta lei “respecta a liberdade para organizar a convivencia e a validez dos diferentes modelos de familia: o matrimonio, as familias monoparentais ou as parellas de feito”. Trátase da primeira vez que unha lei de familia en Galicia pon en valor e recoñece ás familias monoparentais.

Mato explicou tamén que o proxecto recolle o apoio á muller xestante, á que se lle ofrece a oportunidade de declararse como unidade familiar para acceder aos recursos e axudas que precise. “A lei amplía os dereitos e aposta polo respaldo á muller a través da información e dos servizos”, polo tanto, apóiase “a aqueles que decidan libremente ser nais ou pais, sen impoñer nada” e non entra, en ningún momento, en colisión con ningunha outra normativa en vigor.

.../...

.../...

Protección aos menores

A futura lei ten tamén en conta a “especial vulnerabilidade” dos menores. Neste sentido, aposta pola prevención e define un sistema de protección con servizos para paliar as posibles situacións de desprotección. Por iso, promóvese o acollemento familiar fronte ao ingreso residencial, “só naqueles

casos nos que non é posible que permanezan no seu fogar”.

Ademais, a norma establece tamén que a Xunta promoverá fórmulas de cooperación cos concellos, coas deputacións e outras institucións públicas, así como con organismos e entidades privadas, co fin de promover actuacións de protección, asistencia e apoio á familia e á adolescencia.

Hai que ter en conta tamén, tal e como subliñou Mato, que a lei contempla a creación de órganos específicos como o Consello Galego das Familias, ou o Observatorio Galego da Familia e da Infancia. Tamén reforza os instrumentos existentes para a mediación e orientación familiar, como son os gabinetes de orientación familiar e os puntos de encontro familiar.

Por último, a conselleira apuntou que se trata dun “texto transversal, integral e moderno”, que contou coas achegas de todas as consellerías do Goberno, que situará a Galicia “á vangarda das políticas de apoio familiar de toda España”. Ademais, resaltou que todas as alegacións presentadas a este proxecto de Lei “foron atendidas e respostadas”.

Creación de 4.500 novas prazas de gardería na lexislatura



Pontedeume (A Coruña), 18 de maio de 2011.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, puxo en valor “o compromiso da Xunta de Galicia coas familias e coa infancia”, plasmado na creación de 4.500 novas prazas de escolas infantís na lexislatura. Así o dixo durante a visita que realizou á escola infantil de Pontedeume, que presentou como “un exemplo máis” dese compromiso.

O presidente da Xunta apuntou que desde o ano 2009 a Administración autonómica xa aumentou en 2.000 as prazas en escolas infantís de 0 a 3 anos, “o que supón un aumento de máis do 37% na rede de escolas da Xunta”, mediante a apertura de 29 escolas e a ampliación doutras 7. Ademais, informou de que neste ano 2011 abran 25 escolas infantís, o que incrementará noutras 1.000 o número de prazas dispoñibles, co que restan “1.500 prazas para conseguir o obxectivo da lexislatura”.

Na súa comparecencia ante os medios, Feijóo destacou que a Xunta está avanzando cara a este obxectivo, que cualificou de “ambicioso e difícil”, tendo en conta “a crise económica na que estamos”, pero que seguirá a cumprir durante a lexislatura, para ter “4.500 novas prazas de gardería entre o ano 2009 e o ano 2013”.

Nese marco, Alberto Núñez Feijóo anunciou a construción en Pontedeume dunha nova escola infantil de cinco unidades e 74 prazas públicas, que mobilizará un investimento aproximado de 1 millón de euros, froito da colaboración da Administración autonómica co concello, e que evitará a situación actual, na que existe lista de espera para acceder ás garderías. Con este novo centro, subliñou, a Xunta practicamente “triplicará o número de prazas públicas en escolas infantís” no municipio, pasando de “pouco máis de 40 a 115”.

O Goberno galego contribúe ao financiamento da atención social de máis de 10.000 galegos residentes en Caracas

► A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o secretario xeral de Emigración, Santiago Camba, visitaron o centro da Irmandade galega en Caracas onde asistiu á toma de posesión da nova directiva

Caracas (Venezuela), 29 de maio de 2011.- A Xunta de Galicia colaborará coa Irmandade Galega de Venezuela en Caracas para contribuír á atención das necesidades socio-asistenciais das que se poderán beneficiar os máis de 10.000 galegos que forman parte da dita asociación, unha das máis grandes das que existen no mundo.

Así se reflicte no convenio subscrito entre ambas institucións, sinatura na que estiveron presentes o secretario xeral da Emigración da Xunta, Santiago Camba; a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato; e o recentemente reelixido presidente da Irmandade Galega de Venezuela en Caracas, Antonio Piñón.

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á atención das necesidades socio-asistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Caracas (Venezuela) que por razóns de idade, estado físico e situación de carencia, teñan problemas de autonomía persoal.

Ademais, nas súas instalacións, a citada entidade xestiona e administra un centro de día no que proporciona aos emigrantes galegos actividades sociais, culturais e recreativas e asistencia mutua e de saúde.

A entidade promoverá o benestar integral dos maiores e das súas familias, favorecendo a súa integración, participación e relación co medio social. Para a consecución destes obxectivos desenvolverá actividades de carácter promocional, de estimulación e prevención, e ofertará servizos de atención social individualizada, alimenticia, á saúde e integral.

Os destinatarios destes programas serán as persoas de orixe galega ou descendentes destes ata o primeiro grao de consanguinidade, con nacionalidade española e residentes en Caracas (Venezuela), que pola súa idade, estado físico e situación de carencia, teñan problemas de autonomía persoal.

Na súa intervención, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou “a firme vocación de apoio mutuo que distingue como pobo solidario en todo o planeta” á colectividade galega, o que quere dicir que “soubemos sumar vontades na diáspora para apoiarnos mutuamente despois de emprender o difícil camiño da emigración”.

No último acto da xornada, Mato e Camba, asistiron ao acto de toma de posesión da nova xunta directiva da Irmandade galega de Venezuela de Caracas, que conta con máis de 10.000 socios galegos.

Sanidade e Traballo colaborarán para prestar apoio aos coidadores non profesionais de persoas dependentes e para compartir o sistema de información de atención á dependencia



- ▶ **Pilar Farjas e Beatriz Mato asinaron dous convenios de colaboración**
- ▶ **Ambos acordos teñen como obxectivo mellorar e axilizar a atención ás persoas dependentes**

Santiago, 16 de maio de 2011.- A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, e a de Traballo e Benestar, Beatriz Mato Otero, asinaron dous convenios de colaboración en materia sociosanitaria. O primeiro dos acordos establécese entre a Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia-061 e a Consellería de Traballo, dentro do Programa de apoio ao coidador non profesional. O segundo convenio, neste caso entre o Servizo Galego de Saúde e a propia Consellería de Traballo, ten por obxecto a utilización do Sistema de Información Galego de Atención á Dependencia (SIGAD).

O primeiro acordo vén a instrumentar a colaboración conxunta no programa de apoio ao coidador Xuntos nos coidados, dentro do Sistema Galego de Atención á Dependencia (SIGAD), especialmente en canto á prestación dun apoio continuo de atención telefónica aos coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia, actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizacionais de cada un deles, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

Mediante o mesmo, o 061 de Galicia proporcionará un apoio telefónico e continuo no teléfono 902 400 116 aos coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia. Entre os contidos das funcións do teléfono de apoio cóntéplase a información e solucións ás situacións sanitarias non urxentes ou información sobre coidados asistenciais, probas médicas, prevención e hábitos saudables, centros e servizos sanitarios e,

ademais, apoio psicolóxico.

O 061, durante a vixencia do convenio, analizará o volume de chamadas de cara á análise da colaboración e instrumentación das sucesivas prórrogas, por se, no caso de detectarse un incremento da demanda, fose necesario a incorporación de persoal á plantilla actual.

A través deste convenio, a Consellería de Traballo e Benestar continuará afondando na súa liña de apoio ao coidador non profesional de persoas en situación de dependencia. De feito, esta actuación inscribíase dentro do abano de medidas que está a implantar a Xunta de Galicia co obxectivo de proporcionar un apoio integral a todos os coidadores e coidadoras non profesionais. O obxectivo é garantir coidados de calidade a todas as persoas en situación de dependencia, que é unha das prioridades fundamentais deste departamento autonómico.

Así, ata o de agora, xa se ten publicado o manual básico de formación de coidadores non profesionais, xunto cunha guía explicativa dos coidados. Tamén se publicaron o manual específico de formación de coidadores de persoas con enfermidade mental, e o dirixido a coidadores de persoas con algún tipo de demencia. Neste momento, está en elaboración o manual básico de formación nos coidados de persoas con patoloxías cardiovasculares. Ademais, este ano, a Consellería de Traballo e Benestar vai levar a cabo un total de 112 cursos de formación non formal dirixidos a coidadores e coidadoras de persoas en situación de dependencia, formando e apoiando a un total de 2.800.

Xa, no que se refire propiamente a este convenio, o departamento de Traballo e Benestar comprométese a continuar desenvolvendo accións formativas de apoio ao coidador. Ademais, proporcionará a formación inicial necesaria –así como aquela formación continua que sexa detectada– aos profesionais da Fundación Pública Urxencias de Galicia – 061. O obxectivo é que, grazas a esta formación, poidan prestar un apoio psicolóxico ás persoas coidadoras non profesionais.

Co fin de difundir esta nova ferramenta, a consellería encargárase tamén de informar os coidadores non profesionais que participan nas formacións sobre as utilidades e da forma de utilización deste teléfono de apoio. Do mesmo xeito, elaborárase un dossier explicativo sobre este instrumento, que se incluírá no manual formativo.

Acceso ao SIGAD

Doutra banda, Pilar Farjas e Beatriz Mato asinaron tamén un acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o departamento de Traballo e Benestar, co fin de compartir o Sistema de Información Galego de Atención á Dependencia (SIGAD). O obxectivo deste acordo é favorecer un óptimo desenvolvemento dos labores que levan a cabo os traballadores sociais dos centros de saúde. Esta información, como non podía ser doutro modo, continuará suxeita, rigorosamente, á privacidade e á confidencialidade.

Grazas a este acordo, os traballadores sociais de saúde poderán ter acceso a aqueles expedientes que correspondan á súa área, e poderán consultar o estado da súa tramitación administrativa, así como o contido da súa resolución do Programa Individual de Atención (PIA).

Para facer efectiva esta colaboración, a Consellería de Traballo e Benestar porá a disposición do Servizo Galego de Saúde, de xeito progresivo, unha aplicación web que deixará acceder, –sempre en modo de consulta–, a unha información resumida do expediente e do seu estado de tramitación; así como ao contido do PIA.

Ademais, a Área de dependencia proporcionará a formación inicial necesaria aos traballadores sociais de saúde para facilitar o seu acceso ao SIGAD, así como ás súas funcionalidades. Con todo, o acordo inclúe, tamén, por parte da Consellería de Traballo e Benestar, o compromiso de seguir traballando na implementación de solucións técnicas para facilitar a xestión destes procedementos e con fin de ampliar as posibilidades de interacción telemática.

A sinistralidade laboral reduciuse en Galicia un 21,22 por cento no mes de abril

- ▶ O descenso foi xeralizado en todos os sectores, sendo a construción e a industria as que proporcionan os mellores datos

Santiago, 29 de maio de 2011 1.- A sinistralidade laboral baixou en Galicia un 21,22% o pasado mes de abril, período no que se produciron 2.339 accidentes con baixa en xornada laboral, fronte aos 2.969 ocorridos no mesmo mes do ano anterior. Do total dos accidentes rexistrados, 2.287 foron casos leves, 50 graves e 2 mortais.

O descenso foi xeralizado en todos os sectores. Os datos máis positivos proceden da construción, cunha baixada do 26,76%; seguida da industria, cun descenso do 21,61%; da pesca, cun 20%; dos servizos, cunha diminución de sinistros do 18,40%; e da agricultura cun descenso do 17,86%.

Por provincias, Ourense encabeza a redución dos sinistros laborais cunha porcentaxe do 37,88%; seguida de Lugo, cunha diminución do 25,40%; Pontevedra, cun 18,15% de descenso; e A Coruña, cunha baixada do 17,95%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, é necesario tomar en consideración o índice de incidencia, é dicir, a comparación entre os datos de accidentes en relación co número de traballadores coas continxencias de accidente cubertas.

Con este criterio, o índice de incidencia da sinistralidade diminuíu en abril un 20,12%, sendo o sector dos servizos o que presenta un comportamento máis favorable cunha redución do índice do 19,15%; seguido da industria, cunha diminución do 18,96%; da construción cun descenso do 18,02%; da pesca, cunha baixada do 17,55%; e da agricultura, onde a redución foi do 13,91%.

Diminución acumulada do 18,99% no primeiro cuadrimestre do ano

Considerando os resultados acumulados no que vai de ano, no conxunto do primeiro cuadrimestre produciuse unha baixada da sinistralidade laboral en Galicia do 18,99%, cun total de 10.317 accidentes, fronte aos 12.736 no mesmo período de 2010.



O ISSGA e a UDC colaborarán en actividades de formación, investigación e divulgación en prevención de riscos laborais

- ▶ A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, Adela Quinzá-Torres, e o reitor da Universidade da Coruña, José María Barja, asinaron un convenio de colaboración neste sentido
- ▶ O acordo establece un marco de actuación para cooperar na mellora das condicións de traballo, mediante a achega da experiencia e coñecementos técnicos de ambas as dúas entidades

Santiago, 24 de maio de 2011 1.- O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e a Universidade da Coruña (UDC) colaborarán no desenvolvemento de actividades de formación, investigación e divulgación en materia de prevención de riscos laborais. Trátase dun acordo xeral que servirá de marco para inscribir posteriormente máis colaboracións en eidos de actuación máis concretos.

A directora do ISSGA, Adela Quinzá-Torres, e o reitor da UDC, José María Barja, asinaron un convenio de colaboración neste sentido. En concreto, este acordo fomentará a colaboración en actividades comprendidas no eido da seguridade e saúde laborais; así como na mellora das condicións de traballo e prevención de riscos laborais (PRL), mediante a achega da experiencia e coñecementos técnicos de ambas as dúas entidades.

O fin deste convenio é realizar proxectos de forma conxunta. Entre outras actuacións, búscase colaborar no desenvolvemento de actividades académicas, científicas ou doutras índole en materia de PRL; na divulgación e difusión da cultura preventiva; en

accións de concienciación e difusión; no mantemento dunha información compartida, constante e actualizada do estado e evolución das condicións de seguridade no traballo; así como na proposta de recomendación e solucións preventivas, e no intercambio de información.

Entre os obxectivos do convenio, destaca tamén o asesoramento mutuo a través da achega de coñecementos e experiencias técnicas; o desenvolvemento de programas de investigación e desenvolvemento; a edición conxunta de publicacións e documentos de traballo; e a cooperación en cantas outras actividades sexan consideradas de interese mutuo.

A sinatura deste convenio inscribese tamén no Plan Estratéxico para a Prevención de Riscos Laborais 2011-2014 do ISSGA, que establece entre, outros obxectivos, o de integrar a prevención dos riscos laborais de forma transversal no ensino universitario. Ademais, fíxase entre as súas metas fortalecer a implicación das institucións e de todos os actores na mellora da seguridade e saúde no traballo.



Galicia rexistrou no mes de maio un descenso do paro de 4.648 persoas, unha baixada do 1,90 por cento

Santiago, 2 de xuño de 2011.

Galicia rexistrou, no pasado mes de maio, un descenso do desemprego de 4.648 persoas, o que supón un descenso en termos relativos do 1,90 por cento. Con esta baixada, o número de desempregados de Galicia situouse nos 240.014 persoas.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, apelou á "prudencia" á hora de valorar estes datos, aínda que considerou "positivo" que se teña rexistrado unha baixada do número de desempregados.

Con respecto aos datos estatais, Díaz López destacou que o descenso do paro rexistrado en Galicia é "practicamente igual" ao rexistrado no Estado. En concreto, o paro baixou na media do territorio estatal nun 1,87 por cento (frente ao 1,90% de Galicia), o que

supón unha baixada en termos absolutos de 79.701 persoas, e sitúa o desemprego nun total de 4.189.659 persoas.

Se se ten en conta a comparativa por comunidades autónomas, Galicia é a "sétima comunidade autónoma onde máis diminúe o paro en termos mensuais".

Con todo, a responsable autonómica reiterou que "hai que ser prudentes". De feito, sinalou que "polo momento, non se pode falar de cambio de tendencia ata observar a evolución de todo o ano". Neste sentido, lembrou ademais que o mes de maio é "tradicionalmente bo".

De todos modos, destacou que a baixada deste mes (4.648 persoas desempregadas menos) "é superior ao rexistrado na media dos últimos tres anos". Xa no que se refire á evolución interanual, Díaz López destacou que os datos rexistrados seguen a confirmar a

contención na destrución de emprego.

Deste xeito, concretou que en Galicia o número de persoas desempregadas aumentou, en termos interanuais, en 11.507 persoas, o que supón unha porcentaxe do 5,04 por cento desde maio de 2010/maio de 2011. Esta cifra supón unha redución á metade se se compara co dato da evolución interanual do anterior exercicio (maio/2009 a maio/2010), período no que o aumento do desemprego foi de 20.989.

Nos cinco primeiros meses do ano, o paro incrementouse en 2.700 persoas, xusto a metade do que se incrementou nos cinco primeiros meses do ano 2010.


Por sectores, o desemprego descendeu en todos eles, agás na agricultura e na pesca, onde aumentou en 289 persoas. O sector servizos foi o que rexistrou unha maior baixada (-2.484

persoas), seguido polo colectivo sen emprego anterior (-979), pola industria (-832), e pola construción (-642).

O descenso do paro en maio rexistrouse tamén nas catro provincias galegas. A maior diminución rexistrouse en Pontevedra (1.529 desempregados menos); seguida pola Coruña (-1.347 persoas), por Ourense (-979); e por Lugo (-793).

Na evolución dos contratos, rexistráronse en Galicia no mes de maio un total de 57.060 contratos, 7.069 máis que no mes anterior. Deste total, 5.201 foron indefinidos (9,12 por cento) e 51.859 temporais (90,88%). Isto supón unha taxa de estabilidade maior que na media do Estado, onde a porcentaxe de contratos indefinidos foi do 8 por cento, fronte ao 9 de Galicia.

Evolución do paro:





Variación relativa mes anterior

Parados mes	Variación relativa mes anterior
Illes Balears	75.772 -8,30
Aragón	92.485 -5,43
Murcia	131.027 -3,16
País Vasco	148.347 -3,14
Extremadura	117.324 -3,11
Asturias	83.181 -2,95
A Ríoxa	22.655 -2,93
Cantabria	45.195 -2,87
Navarra	42.772 -2,32
Castela e León	195.039 -2,28
Andalucía	911.848 -2,17
Galicia	240.014 -1,90
Castela-A Mancha	212.433 -1,48
Valencia	524.335 -1,07
Cataluña	595.342 -1,03
Canarias	254.341 -0,95
Madrid	475.876 -0,67
Meillla	10.354 0,80
Ceuta	11.319 0,93
TOTAL	4.189.659 -1,87

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA

(Mes en curso - igual mes do ano anterior)



Feijóo anuncia que a Xunta destinará case 4 millóns de euros para “formar, orientar e insertar” no mercado laboral a preto de 3.300 desempregados

- ▶ **Apunta que estas axudas irán dirixidas a persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, preceptores de subsidios e prestacións por desemprego da renda activa de inserción ou da renda activa de integración social de Galicia, desempregados de longa duración e mozos**
- ▶ **Explica que as entidades beneficiarias serán as corporacións locais e as entidades sen ánimo de lucro que terán a obriga de contratar, como mínimo, entre o 30 e o 35 por cento do persoal ao que previamente formen**

Santiago, 5 de maio de 2011.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, anunciou que a Xunta vai destinar case 4 millóns de euros para “formar, orientar e insertar laboralmente” a preto de 3.300

desempregados. Segundo concretou, estas axudas irán dirixidas a persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, preceptores de subsidios e prestacións por desemprego da renda activa de inserción ou da renda activa de integración social de Galicia, desempregados de longa duración e mozos.

Feijóo explicou que as entidades beneficiarias serán as corporacións locais e as entidades sen ánimo de lucro que terán a obriga de contratar,

como mínimo, entre o 30 e o 35 por cento do persoal ao que previamente formen; polo que considerou que este investimento en formación redundará, como mínimo nun terzo, en contratos de traballo.

Na rolda de prensa tras a reunión do consello, o mandatario galego reiterou a vontade da Xunta de seguir por este camiño para paliar o desemprego a través de axudas efectivas aos sectores produtivos da nosa economía.

Traballo apoiará a formación para persoas afectadas por ERE nas empresas da construción naval de Galicia

Vigo, 11 de maio.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, deu a coñecer en Vigo o acordo do Consello da Xunta para a sinatura dun convenio de colaboración entre o departamento autonómico e a Xerencia do Sector da Construción Naval. O obxectivo do mesmo é cofinanciar a formación dirixida prioritariamente a persoas ocupadas, afectadas por expedientes de regulación temporal de emprego nas empresas deste sector de Galicia en 2011. O orzamento total ascende a tres millóns de euros, dos que a Consellería aporta ata 400.000 euros.

Na súa intervención, Mato explicou que esta iniciativa enmárcase dentro dos preacordos acadados no marco do Diálogo Social de Galicia o pasado mes de marzo e elevados á mesa do naval, e que establecen unha serie de medidas en dúas direccións. Por unha banda, para impulsar ao sector naval apostando pola súa competitividade e a acreditación da súa calidade. E por outra banda, medidas de choque para facer fronte á situación que atravesa o sector, e especialmente os traballadores afectados por procesos de regulación de emprego.

Neste caso, o obxectivo é dotar aos traballadores do naval da formación necesaria para desenvolver o seu traballo con calidade, seguridade e produtividade, adaptándose ás novas tecnoloxías e á evolución dos sistemas de produción.

Preténdese que coa mellora das súas competencias, os traballadores pertencentes a este sector acaden a cualificación suficiente para manter o seu emprego, cada vez máis especializado, e dotándoos ademais dunhas aptitudes que lles permitan unha máis fácil incorporación a outras actividades dentro do sector industrial.

O orzamento total para a realización das accións obxecto do presente convenio – en vigor ata o mes de decembro – estímase nunha cantidade de tres millóns de euros. A Xerencia do Sector da Construción Naval financiará ata un máximo de dous millóns de euros a través do Fondo Social Europeo e a Consellería de Traballo e Benestar financiará ao redor de 400.000 euros, mentres que o resto do orzamento das accións correspóndelle ás empresas.

A conselleira de Traballo agarda que se proceda canto antes á sinatura do acordo por parte da secretaria de Estado de Industria da que depende a Xerencia do Naval co fin de que a convocatoria das accións formativas se poida levar a cabo nun prazo breve do tempo, e incidiu en que “desde a Xunta de Galicia estamos a facer un esforzo moi importante para reforzar o apartado da formación aos traballadores ocupados, no marco das nosas accións de reforzo ao mercado laboral galego de cara á saída da crise”.

Froito dese esforzo, este ano os orzamentos da Consellería de Traballo e Benestar destinados a accións formativas prioritariamente para os traballadores ocupados incrementáronse nun 87,5% en relación co ano anterior, ata os 7,7 millóns de euros. Polo que se agarda poder aumentar o número de beneficiarios ata os 14.500 este ano 2011 (en 2010 foron 7.725 alumnos).

Concretamente, para os traballadores ocupados do sector naval o departamento autonómico investiu no 2010 un total de 330.000 euros, que permitiron a realización de 61 cursos a un total de 725 persoas. Con todo, este ano os sectores do naval e da automoción terán unha prioridade maior que o resto dos sectores estratéxicos na

convocatoria das accións formativas, en liña co acordado no diálogo social, polo que é previsible que este número de beneficiarios concretos das accións formativas no naval se incremente de forma importante.

Apoio ao sector

Por outra banda, Beatriz Mato lembrou que os axentes sociais e a Xunta de Galicia acordaron outras medidas de choque de apoio ao sector. Entre elas, a elaboración dun documento de bases para a redacción dunha lei que regule o sector naval en Galicia; e impulsar, desde a Mesa do Naval do Diálogo Social, as negociacións necesarias para dotar á industria auxiliar dun Fondo Patrimonial de Garantías.

Así mesmo, acordouse o impulso de criterios de discriminación positiva para as empresas navais, dentro das liñas financeiras que ten a Xunta de Galicia para o apoio ás empresas para a mellora da súa competitividade.

Ademais, a Consellería está a desenvolver as accións tendentes á posta en marcha da credencial do naval, dirixidas ás empresas e aos traballadores do sector, respectivamente. Sondas distincións de calidade servirán para acreditar a boa xestión tanto das empresas como a axeitada formación dos traballadores.

Tanto o selo como a credencial do naval son proxectos piloto e pioneiros a nivel do Estado, e de feito está prevista a súa exportación a outras comunidades. Mato indicou que, “por iso pretendemos que o financiamento da aplicación informática que leva aparelhada a implantación tanto do selo como da credencial, para a súa xestión administrativa, se realice ao 50% entre a Xunta e o Estado, a través da Xerencia do Sector Naval”.

Máis de 30 directivos de empresas galegas reúnense cun cento de mozos e mozas no marco do programa 'Emprega talento'

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou hoxe esta xuntanza, un "punto de encontro" entre os mozos e mozas que queren acceder ao mercado laboral ou emprender os seus negocios; e directivos que buscan novos talentos
- ▶ Esta é unha das primeiras actuacións do programa transfronteirizo "Emprende", que busca crear empresas e fomentar o emprego entre a mocidade galega e do norte de Portugal
- ▶ Ao abeiro deste programa, que conta cun orzamento superior aos 720.000 euros, prevese a creación dun mínimo de dez empresas dun e outro lado da fronteira

Santiago, 10 de maio de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou una xuntanza formada por máis de 30 directivos de empresas galegas e un cento de mozos e mozas, no marco do programa transfronteirizo "Emprende". O obxectivo é "sumar esforzos fronte á crise, e impulsar a aqueles que queren loitar para saír dela coa forza das ideas, das iniciativas e dos novos retos".

A iniciativa serve como "punto de encontro" para poñer en contacto directo aos representantes das empresas cos mozos e mozas nun só día e sen saír do recinto. Desta forma, o espazo de diálogo constitúe unha iniciativa novidosa e axeitada para facer encaixar a iniciativa emprendedora, a busca de oportunidades de emprego, a necesidade de talento e competitividade nas empresas e a posibilidade de facelas converxer no espazo de cooperación transfronteiriza, de xeito que dinamicen a economía e o emprego e favorezan o asentamento da poboación neste territorio.

Na súa intervención, Mato mostrou o convencemento de que a xuventude da xeración "máis preparada da nosa historia" ten "as capacidades, a ilusión e as ideas para poñer en marcha novas iniciativas" apropiadas para o aproveitamento das oportunidades da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, que aínda está por explotar, así como para a xeración de novos servizos, de riqueza, emprego e valor engadido.

Fronte a isto, a titular de Traballo incidiu en que as empresas

deben responder á chamada da competitividade, que máis que nunca se presenta como imprescindible para saír con forzas renovadas desta crise. Para isto precisan dos perfís profesionais axeitados, de persoas preparadas e con ilusión no seu cadro de persoal.

Beatriz Mato sostivo que "Emprega Talento" é o foro axeitado para atopar eses novos perfís así como de facer visible o talento dos mozos e mozas, e de colocalo na rampla de saída de novas iniciativas empresariais, grazas ao asesoramento de aqueles que, a día de hoxe, xa son profesionais en empresas galegas.

A conselleira lembrou que desde a Xunta de Galicia "reforzamos a nosa aposta pola mocidade, nestes tempos complexos" e non só iso: fronte ás dificultades, presentamos novos retos e exploramos a construción do noso futuro. "Somos conscientes das dificultades dos emprendedores para dar a orientación axeitada ao seu proxecto, así como para establecer unha rede de contactos que lles permita darlle forma a esa iniciativa", expuxo Mato.

Programa "Emprende"

Tanto "Emprega Talento", como o resto de iniciativas comprendidas no programa transfronteirizo "Emprende", constitúen "un respaldo importantísimo para a mocidade galega e portuguesa, precisamente nestes tempos", destacou a conselleira, que indicou que "é preciso



dotar os nosos mozos e mozas das ferramentas para que poidan desenvolver os seus proxectos, e construír así o futuro, un futuro que lles pertence".

De cara a ese obxectivo, a Consellería de Traballo e Benestar apoia os mozos desde as políticas activas de emprego, a formación e o fomento da mobilidade, así como impulsa o intercambio de experiencias e o aproveitamento das potencialidades conxuntas co Norte de Portugal.

O programa "Emprende", que se desenvolverá durante este ano

e 2012, e que ten como obxectivo principal apoiar a mocidade emprendedora de Galicia e do norte de Portugal, disporá dun conxunto de mecanismos destinados ao asesoramento aos emprendedores na posta en marcha dos seus proxectos "co fin de dinamizar a economía e emprego neste territorio".

Esta nova iniciativa, da que se poderán beneficiar ata 20.000 persoas, conta cun orzamento de máis de 720.000 euros e forma parte do Programa de cooperación transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal, da Unión Europea.



Feijóo anuncia que a Xunta “reforzará e complementará” a Estratexia Xuventude 2013 coa primeira lei específica para a Xuventude de Galicia

- ▶ Destaca que tanto a estratexia como a lei conformarán un “marco axeitado” para poder sacar “todo o potencial da xente moza”
- ▶ Lembra que a Estratexia Xuventude 2013 ten un orzamento de 900 millóns de euros e conta coa implicación de todas as consellerías
- ▶ Remarca a aposta do Goberno galego pola mobilidade da mocidade galega como o demostra a duplicación dos recursos

destinados ao programa MOGAL, co que 187 mozos e mozas realizan prácticas laborais en empresas de Italia, Francia, Irlanda e Holanda

- ▶ Asegura que a xuventude ten “nome propio” nas mesas de Diálogo Social de Galicia, como colectivo prioritario nas políticas activas de emprego, e na redacción do Plan de Emprego Xuvenil



Betanzos (A Coruña), 9 de maio de 2011.- O presidente galego, Alberto Núñez Feijóo, adiantou que a Xunta “completará e reforzará” a Estratexia Xuventude 2013 coa primeira lei específica para a xuventude de Galicia. Así o adiantou na visita que realizou ao remodelado Espazo Xove de Betanzos, onde explicou que nas vindeiras semanas se remitirá este anteproxecto ao colectivo xuvenil, para recibir as súas achegas, e se iniciará o trámite parlamentario. “Propoñemos aprobar, por primeira vez en 30 anos de autonomía, unha lei específica dedicada á xuventude. Unha lei para blindar as esferas de obrigatorio cumprimento por parte da Administración autonómica, que teña vocación de permanencia, e que permita aos mozos formar parte dos principais problemas do Goberno”, incidiu.

“Estou seguro de que tanto a Estratexia de Xuventude como a Lei de Xuventude de Galicia serán un marco axeitado para poder sacar todo o potencial da xente moza, e que a sociedade no seu conxunto poida sacar proveito da súa iniciativa e da súa preparación”, afondou o

titular da Xunta destacando que, tras a aprobación da lei, Galicia contará cunha norma propia que recollerá os instrumentos necesarios para desenvolver as políticas públicas dirixidas á mocidade.

Neste sentido, Feijóo asegurou que a Lei de Xuventude de Galicia garantirá, entre outros, dous principios fundamentais á hora de deseñar as medidas das políticas no eido da xuventude: a participación activa da mocidade no desenvolvemento sostible, económico e social de Galicia, e a integralidade e transversalidade das actuacións en materia de xuventude.

900 millóns de investimento ata 2013

O presidente galego remarcou que a Estratexia Xuventude 2013 é un proxecto no que están implicadas todas as consellerías e que está dotado con 900 millóns de orzamento. “É unha estratexia, en consecuencia, onde está o emprego, a formación, a tecnoloxía, onde están os idiomas, onde están todas as políticas educativas que buscan posibilitar a saída

desta profunda crise laboral, dentro da crise económica, que está sufrindo o noso país”, explicou.

Feijóo destacou, no transcurso da súa intervención, algúns aspectos concretos da estratexia como a renovación e ampliación de espazos xuvenís: “este de Betanzos figura entre as 254 medidas que establece a estratexia cara a conformación da Rede Galega de Centros Territoriais da Xuventude ‘Espazo Xove’”. Uns espazos nos que, segundo explicou, se conxugan “o audiovisual, as tecnoloxías, e tamén a creatividade”, apostando por “un modelo de participación xuvenil”. “Os mozos, cando falan entre si e cruzan ideas e expectativas, xeran un espazo de oportunidades”.

O presidente da Xunta salientou a aposta clara recollida na Estratexia Xuventude 2013 por configurar un novo modelo de participación xuvenil. “De feito, temos incrementado en máis do 54% o orzamento destinado a apoiar estas iniciativas”.

Feijóo destacou que a Estratexia Xuventude pretende ofrecer alternativas de ocio para a xuventude que sexan, ademais, unha oportunidade de formarse e de comezar a inserción no mundo laboral e subliñou que, tan só na Campaña de Verán, se crean máis de 1.000 empregos. Por último, o presidente galego remarcou, a aposta do Goberno autonómico pola mobilidade e o intercambio de experiencias con outros países. “Así, por exemplo, no bienio 2010-2011 dobramos os recursos destinados ao programa MOGAL, un programa co que 187 mozos e mozas realizan prácticas laborais en empresas de Italia, Francia, Irlanda e Holanda”,

afirmou.

A xuventude, unha prioridade en materia de formación e emprego

Feijóo referiuse á “intolerable” taxa de paro xuvenil e afirmou que esta falta de oportunidades de emprego é “inxusta e insostible socialmente”. “Inxusta porque sabemos que tedes invertido moito tempo e esforzo na vosa formación, o que vos converte na xeración mellor preparada da nosa historia; e insostible porque sen un posto de traballo aumentan as dificultades para a realización dos vosos proxectos de vida”, afondou.

Por iso, o presidente galego asegurou que a atención a este ámbito do emprego é unha prioridade da Xunta de Galicia e garantiu que o Executivo está a facer todo o que está nas súas mans para revitalizar o mercado laboral de Galicia: “En primeiro lugar, creando confianza nas políticas económicas. E, por suposto, apoiando aos que crean traballo, que son os emprendedores, aqueles que, xa sexa a título individual, como autónomos, ou traballadores por conta allea, son os que son capaces de xerar unha idea, de poñela en práctica, e que esa idea xere postos de traballo”.

Feijóo destacou, por último, que a xuventude ten “nome propio” nas mesas de Diálogo Social de Galicia, xa que os mozos menores de 30 anos están definidos como un colectivo prioritario en todas as políticas activas de emprego e porque nas mesas de diálogo se está a redactar o Plan de Emprego Xuvenil para esta lexislatura.

- Orde do 27 de abril de 2011 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas para fillas e fillos do persoal dos servizos centrais da Xunta de Galicia, na escola infantil 0-3 de Vite, do persoal do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, na escola infantil 0-3 do complexo administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, e do persoal do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra, na escola infantil 0-3 do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra, dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2011/2012. (DOG nº 88, do 06.05.2011).
- Orde do 12 de abril de 2011 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a concellos e mancomunidades de municipios enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. (DOG nº 89, do 09.05.2011).
- Resolución do 6 de abril de 2011 pola que se lles da publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 8 de setembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 178, do 15 de setembro), da Orde do 4 de agosto de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 158, do 13 de agosto) e da Orde do 9 de xuño de 2010 (Diario Oficial de Galicia número 123, do 30 de xuño) polas que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia para os anos 2008, 2009 e 2010 respectivamente. (DOG nº 89, do 09.05.2011).
- Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG nº 90, do 10.05.2011).
- Resolución do 27 de abril de 2011, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. (DOG nº 90, do 10.05.2011).
- Resolución do 4 de maio de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se fai pública a ampliación do prazo de presentación de solicitudes de participación correspondentes á contratación de servizos de formación a coidadores non profesionais dentro do ámbito de aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, polo procedemento negociado con publicidade, e cunha reserva dun lote a centros especiais de emprego e empresas de inserción sociolaboral, segundo o disposto no artigo 35 da Lei 15/2010, do 28 de decembro (expediente 5/2011). (DOG nº 93, do 13.05.2011).
- Resolución do 5 de maio de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 95, do 18.05.2011).
- Orde do 28 de abril de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para fomentar a responsabilidade social empresarial (RSE) nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2011. (DOG nº 95, do 18.05.2011).
- Resolución do 10 de maio de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 (SI427A). (DOG nº 96, do 19.05.2011).
- Resolución do 15 de abril de 2011 pola que se declara de interese galego a Fundación Raizame e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (DOG nº 98, do 23.05.2011).
- Resolución do 19 de maio de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases e se convocan axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral. (DOG nº 99, do 24.05.2011).
